

## PRESIÓN ATMOSFÉRICA E SOCIAL

### ISÓBARAS

GUSTAVO PERNAS CORA

Edicións Xerais / 12,90 euros

As isóbaras son as liñas que unen puntos coa mesma presión atmosférica e, neste caso, a metáfora elixida polo dramaturgo Gustavo Pernas para volver trazar un mapa do estado espiritual e moral da nosa sociedade. Texto gañador do Premio Álvaro Cunqueiro, Pernas reúne a oito personaxes arquetípicos do noso tempo á espera dunha raiola de sol no medio da escuridade e unhas amenazantes explosións de fondo. Sen apenas dialogo entre eles, os protagonistas monologan sobre a súa situación, o que lle dá oportunidade ao autor de falar sobre temas como as consecuencias sociais da crise económica, a emigración, a alienación pola tecnoloxía ou o embrutecemento e falta de comunicación na que estamos instalados. Un duro exercicio de lucidez.

